

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade do novo, e dun mes se está en localidade distinta ou comporta reingreso ao servizo activo. O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución, agás no caso de procedencia doutras administracións, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da comunicación da resolución de traslado á Comunidade Autónoma de Galicia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderán impugnalas directamente, á elección do/a demandante, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2005.

M^a Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO I

Denominación	Código	Nivel	Compl. espec.	Grupo	Corpo/escala	Adscri adm.P.	Formación específica	Centro destino	Localidade
Secretario/a de apoio	PE.C01.00.000.15770.002	18	3952.32	CD	Xeral	A11	020 641	Gabinete conselleiro	Santiago de C.
Servizo Fomento Organiz. Sectorial	PE.C05.00.001.15770.015	28	11793.24	AB	Xeral	A11	640	Secretaría xeral	Santiago de C.
Servizo Protección de Recursos	PE.C01.00.002.15770.015	28	11793.24	AB	Especial	A11	954 640	D. X. Recursos Mariños	Santiago de C.
Servizo Recursos Mariños	PE.C99.10.000.36560.046	28	11793.24	AB	Xeral/especial	A11	531 640	D. T. Pontevedra	Vigo

Descrición códigos da adscrición a administracións públicas:

A11: adscrición indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Admón. do Estado, Admón. de CC.AA.

Descrición códigos de formación específica:

020: coñecementos informática nivel usuario.

640: para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).

641: para persoal doutra administración, curso de iniciación de galego (requisito indispensable).

531: licenciatura de bioloxía/ciencias do mar (mérito).

954: permiso conducir B (requisito indispensable).

ANEXO II

NOTA: úsese o publicado na páxina 19.389.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 25 de novembro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fai público o acordo do tribunal de técnico superior de psicoloxía, relativo á resolución provisional da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste organismo.

O punto 1 da base décimo sexta das diversas ordes da Consellería de Sanidade do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que rematadas as entrevistas e realizada polo tribunal central a valoración dos méritos acreditados polos participantes, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o anun-

cio da exposición da listaxe provisional coas puntuacións obtidas por cada un dos participantes e cos destinos provisionais adxudicados, se é o caso, no centro de xestión onde o aspirante optou por realizar a entrevista.

Os aspirantes disporán dun prazo de quince días hábiles, se é o caso, contados desde o seguinte ao da publicación do citado anuncio para formular reclamacións contra a listaxe provisional.

Polo tanto, adoptado acordo polo respectivo tribunal, procede agora darlle publicidade no DOG, facultándose para iso expresamente a esta División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, polo que,

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter provisional, as puntuacións obtidas polos aspirantes que participaron na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado polas diversas ordes da Consellería de Sanidade do 20 de maio de 2002 (DOG

nº 105, do 3 de xuño), da categoría de técnico superior en psicoloxía.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Os aspirantes disporán dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a listaxe provisional.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2005.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

Resolución do 28 de novembro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se procede a dar publicidade ás listaxes provisionais de aspirantes admitidos e excluídos da categoría de médicos especialistas en medicina do traballo para as institucións sanitarias deste organismo.

De conformidade coas atribucións conferidas polo Decreto 14/2005, do 3 de febreiro (DOG nº 25, do 7 de febreiro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 3 de febreiro de 2005 (DOG nº 26, do 8 de febreiro) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as listaxes provisionais, de acordo co establecido na norma xeral 6.1.2. do Pacto sobre selección temporal (DOG nº 104, do 1 de xuño de 2004), unha vez rematado o proceso de baremación de méritos dos aspirantes inscritos na categoría de médicos especialistas en medicina do traballo correspondentes á convocatoria de selección para vinculación temporal formalizada por resolución da División de Recursos Humanos do Sergas do 24 de maio de 2005 (DOG nº 105, do 2 de xuño), nas que se inclúe a relación dos aspirantes admitidos coa súa puntuación e a orde de prelación resultante desta, así como a relación dos aspirantes excluídos, con indicación da causa de exclusión.

As listaxes provisionais serán publicadas o mesmo día da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Sergas e dos centros asistenciais dependentes delas, así como na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Segundo.-Contra esta resolución os interesados poderán formular reclamación perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas, no prazo de dez días hábiles contados

a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2005.

Antonio Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN SEGUNDA)

Edicto (4124/2005).

Por este edicto faise saber que en providencia ditada no día da data, esta sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acordou admitir a trámite o recurso interposto polo procurador Antonio Pardo Fabeiro en nome e representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia contra o acordo do Concello de Lalín do 28-12-2004, polo que se aprobou definitivamente o estudo de detalle presentado pola entidade *Géneros de Punto Montoto, S.A.*, para ordenación de parcelas no polígono Lalín 2000.

Recurso de procedemento ordinario 4124/2005.

A publicación deste anuncio serviralles de citación ás persoas que, non séndoo persoalmente, ostenten un dereito ou interese lexítimo no citado recurso, podendo comparecer en legal forma no prazo de nove días. Se o fixeren con posterioridade, teranse por parte para os trámites non precluídos.

A Coruña, 8 de novembro de 2005.

Inmaculada Pérez Arrojo
Secretaria

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO DOUS DE NOIA

Corrección de erros.-Edicto de notificación de sentenza (18/2005).

Advertido erro no devandito edicto publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 232, do venres día 2 de decembro de 2005, cómpre facer a seguinte corrección:

-No sumario, na páxina 19.171 e 19.201, onde di: «Edicto de notificación de sentenza (18/2005)»; debe dicir: «Edicto de notificación de sentenza (19/2005)».